

## Reunión coa Secretaría de Estado de Telecomunicaciones

Fonte e imaxe: PECCEM)

Representantes da [Plataforma Estatal contra a Contaminación Electromagnética](#), integrada por case un centenar de entidades veciñais e ecoloxistas de todo o Estado, déronse cita o derradeiro día **22 de setembro de 2009** con responsables da **Secretaría de Estado de Telecomunicaciones e para a Sociedade da Información**

En liña co labor que a Plataforma leva meses realizando, e dada a crecente alarma social que xeran as perniciosas consecuencias das emisións electromagnéticas sobre a saúde das persoas, os seus portavoces instaron aos responsables do Ministerio de Industria a que **modifique dous ordenamentos normativos**: o [RD 1066/2001](#), que establece as medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas e a ["Ley 32/2003 General de Telecomunicaciones"](#). *"O Goberno -subliña Yolanda Barbazán, unha das portavoces da Plataforma- debe garantir a saúde das persoas aplicando na súa lexislación o principio de precaución e prevención e reducindo ao mínimo posible a emisión de ondas electromagnéticas necesarias para garantir o acceso ás telecomunicacións. É o que se coñece como principio [ALARA](#)".*



Os representantes da Plataforma trasladaron, así mesmo, aos responsables de Telecomunicaciones a necesidade de **garantir unha maior protección** a quen, a tenor de varias resolucións do Parlamento Europeo, constitúen "grupos de risco": nenos, embarazadas, anciáns e enfermos crónicos, un sector de poboación que aumenta ano a ano co **crecente número de persoas afectadas pola electrohipersensibilidade**. A petición das organizacións cidadás representadas na Plataforma, os responsables da Secretaría pediron documentación para **estudar a posibilidade de aplicar unha moratoria na implantación dos sistemas WiFi nos centros escolares**, como fixeron noutros países e a instalación de sensores para controlar os índices de emisións electromagnéticas.

*"En conclusión -remata Barbazán-, os responsables da Secretaría aseguráronnos que **non descartan modificar a normativa referida ás emisións electromagnéticas**, pero nos remitiron ao Ministerio de Sanidade, que é o que se encarga de fixar os límites máximos permitidos para garantir a saúde das persoas, así que solicitaremos unha reunión ao equipo de Trindade Jiménez que, esperamos, sexa máis sensible que o de Bernat Soria, que nunca accedeu a reunirse coa Plataforma". A Plataforma solicitará, así mesmo, **formar parte do [Consello Asesor de Telecomunicaciones](#)**, no que só participan asociacións de usuarios, sindicatos e asociacións de operadores, esquecendo, remata Barbazán "aos principais afectados: as veciñas e veciños obrigados a vivir preto de instalacións emisoras de contaminación electromagnética".*